

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO  
CONCELLO O DÍA 23 DE MARZO DE 2006**

**CONCORRENTES**

**Presidente:**

Don Juan Antonio Maceiras Barros (CIM)

**Concelleiros**

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

Dona Eva María Vilariño González(CIM)

Don José Manuel Rodríguez Vidal(CIM)

Don Juan José Herva Mallo (PP)

Dona María Rosario Manso López (CIM)

Don Luis Purriños Pena(CIM)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don Manuel José Pérez Martínez (PP)

Don Antonio Medín Pena (PP)

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)

Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

**Interventora**

Dona Marta Roca Naveira

**Secretario:**

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás vinte horas do día vinte e tres de marzo de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública extraordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten os seguintes concelleiros: don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; dona Eva María Vilariño González; dona María Rosario Manso López; don Jesús Veiga Sabín; don Juan José Herva Mallo; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don Antonio Medín Pena; don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Non asiste á sesión o concelleiro don José María Laya Carril.

Está presente a interventora municipal dona Marta Roca Naveira.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-** Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo observacións á acta da sesión anterior correspondente ao día 23 de febreiro de 2006, queda aprobada por unanimidade.

**2.- REPARO DA INTERVENTORA E RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.-** A interventora municipal dá lectura á seguinte proposta da Alcaldía:

“Visto o informe da Intervención municipal do 15 de marzo de 2006 relativo á fiscalización das facturas e certificacións correspondentes das obras de Rede de abastecemento de auga e pluviais en Telle por importe de 36.687,99 euros; obra de aparcamentos na praia de Lago-Perbes, aumentos muro praia de Lago por importe de 8.121,59 euros e a obra de afirmado de camiños na parroquia de Telle, aumentos” por importe de 16.633,74 euros.

Considerando que no citado informe poñíase de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo Concello se procedese ao recoñecemento e pago das citadas facturas pois noutro caso estaríase a producir un enriquecemento inxusto da Administración.

Dado que as facturas e certificacións ás que se fixo referencia corresponden todas elas ao exercicio 2005, polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ao seu recoñecemento extraxudicial de créditos. O nome de “recoñecemento extraxudicial de crédito” deriva da posibilidade que teñen as entidades locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos

contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De aí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto se vén a substituír aos órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por estes realizadas en anos anteriores, e evitar así o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando que tal e como se puxo de manifesto no informe da Intervención municipal no Orzamento do exercicio 2006 non existe crédito adecuado para proceder á imputación destes gastos, o que implica que ao tratarse de facturas do exercicio 2005 e sen crédito, a competencia para o recoñecemento extraxudicial de crédito correspóndelle ao Concello-Pleno. (BEO 23ª.3).

Considerando que o informe emitido pola Intervención municipal se fiscaliza desfavorablemente e con efectos suspensivos a aprobación das facturas e certificacións correspondentes ás obras de Rede de abastecemento de auga e pluviais en Telle por importe de 36.687,99 euros, obra de aparcamentos na praia de Lago-Perbes, aumentos muro praia de Lago por importe de 8.121,59 euros e a obra de afirmado de camiños na parroquia de Telle, aumentos” por importe de 16.633,74 euros, e que a competencia para a resolución da discrepancia correspóndelle ao Concello-Pleno en virtude do previsto no artigo 217 que determina que corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos: a) se baseen na insuficiencia ou inadecuación de crédito.

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que, logo do ditame da Comisión de Facenda, polo Concello-Pleno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Con carácter previo á aprobación do recoñecemento extraxudicial é necesario a resolución do reparo da Intervención municipal en relación coas facturas e certificacións correspondentes á obras de Rede de abastecemento de auga e pluviais en Telle por importe de 36.687,99 euros; obra de aparcamentos na praia de Lago-Perbes, aumentos muro da praia de Lago por importe de 8.121,59 euros e a obra de afirmado de camiños na parroquia de Telle, aumentos” por importe de 16.633,74 euros, en virtude da competencia prevista polo artigo 217 do TRLRFL.

2º.- Na medida en que non existe crédito no orzamento vixente para proceder directamente ao recoñecemento extraxudicial destas facturas, e que a habilitación deste está ligado á aprobación do expediente modificativo de crédito na modalidade de crédito extraordinario núm. 1/06. Posto que ámbolos expedientes se tramitan simultaneamente e se atopan intimamente ligados de maneira que a aprobación do crédito extraordinario condiciona a aprobación do recoñecemento extraxudicial, dende esta alcaldía propónse a adopción do seguinte acordo:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ás obras ás que se fixo referencia condicionando, en todo caso, a súa efectividade á aprobación definitiva do crédito extraordinario 1/06, de maneira que unha vez que se produza a entrada en vigor do expediente modificativo, simultaneamente se procederá á realización dos asentos contables relativos á aprobación das facturas e certificacións de obra respectivas.”

Visto o ditame favorable da Comisión de Facenda, o Pleno do Concello, coa abstención dos concelleiros Sres. Abaira Sobrado do BNG e Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE e dez votos a favor dos membros restantes que asisten á sesión, acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ás obras ás que se fixo referencia, e levantar o reparo da Intervención, condicionando a súa efectividade á aprobación definitiva do expediente de crédito extraordinario núm. 1/06, de maneira que unha vez que se produza a entrada en vigor do expediente, simultaneamente se proceda á realización dos asentos contables relativos á aprobación das facturas e certificacións de obra respectivas.

**3.- EXPEDIENTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 1/2006.-** Dada conta do expediente tramitado de créditos extraordinarios núm. 1/06, dos informes unidos e o ditame favorable da Comisión de Facenda, o Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar o expediente núm. 1/2006 de créditos extraordinarios por un importe global de 61.443,32 euros conforme ao seguinte detalle:

Partida	Denominación	Importe (€)
432/601.00	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestruturas e bens dedicados ao uso xeral. Outras	8.121,59
441/601.04	Saneamento, abastecemento e distribución de augas. Investimento novo en infraestruturas e bens dedicados ao uso xeral. Outras	36.687,99
511/601.03	Estradas e camiños. Investimento novo en infraestruturas e bens dedicados ao uso xeral. Outras	16.633,74
	<b>TOTAL</b>	<b>61.443,32</b>

2º.- Financiarase este expediente de crédito extraordinario núm. 1/2006 con remanente líquido de Tesourería.

3º.- De conformidade co establecido no art. 177.2 do R.D.L. 2/2004, en relación co art. 169 desta Lei reguladora das facendas locais, exporase ao público este acordo durante quince días hábiles, con inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e B.O.P.

4º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado se durante o período de exposición pública non se presentasen reclamacións.

**4º.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2006.-** Dada conta do expediente tramitado de crédito extraordinario número 2/2006, dos informes unidos e o ditame favorable da Comisión de Facenda, o Pleno do Concello, coa abstención do concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado, xa que ao seu xuízo hai partidas que non considera necesarias, e once votos a favor dos demais membros asistentes, acorda:

1º.- Aprobar o expediente núm. 2/2006 de créditos extraordinarios, por importe global de 580.412,54 euros, segundo o seguinte detalle:

Partida	Concepto	importe
2006/432/227.13	Urbanismo e arquitectura. Outros contratos. Cartografía	30.000,00 €
2006/432/227.14	Urbanismo e arquitectura. Outros contratos. Proxecto básico porto Punta Redonda.	30.000,00 €
2006/432/227.15	Urbanismo e arquitectura. Outros contratos. Estudo de dinámica literal	30.000,00 €
2006/432/600.00	Urbanismo e arquitectura. Investimentos en terreos	200.000,00 €
2006/442/227.09	Recollida do lixo e limpeza viaria. Outros contratos. Punto limpo.	40.000,00 €
2006/441/611.00	Saneamento, abastecemento e distribución de auga. Investimentos de reposición en infraestruturas e bens dedicados ao uso xeral.	5.087,54 €
2006/441/661.01	Saneamento, abastecemento e distribución de auga. Investimentos de reposición en infraestruturas e bens dedicados ao uso xeral.	15.000,00 €
2006/432/601.00	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestruturas e bens dedicados ao uso xeral. Outras	15.000,00 €
2006/121/227.11	Administración xeral. Outros contratos: asistencia técnica catastral	30.000,00 €

2006/511/625.00	Estradas, camiños veciñais e vías públicas urbanas. Mobiliario	6.000,00 €
2006/751/200.00	Turismo. Arrendamento de terreos	7.000,00 €
2006/121/141.00	Administración xeral. Outro persoal: praias	15.000,00 €
2006/432/601.01	Urbanismo e arquitectura. Investimento novo en infraestutura e bens dedicados ao uso xeral. Outros	10.000,00 €
2006/511/601.03	Estradas, camiños e vías públicas urbanas. Investimento novo en infraestrutura e bens dedicados ao uso xeral. Outros.	24.000,00 €
2006/452.610.00	Educación física, deportes e esparexemento. Investimentos de reposición de infraestruturas e bens dedicados ao uso xeral. Recuperación da ladeira da praia Pequena.	60.000,00 €
2006/432/601.04	Estradas, camiños e vías públicas urbanas. Investimento novo en infraestruturas e bens dedicados ao uso xeral. Outros	33.325,00 €
2006/452/625.00	Educación física, deportes e esparexemento. Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos. Mobiliario e aparellos	30.000,00 €
	<b>SUMAS TOTAIS</b>	<b>580.412,54 €</b>

2º.- Este expediente financiarase con cargo ao remanente líquido de Tesourería.

3º.- De conformidade co establecido no art. 177.2 do RDL 2/2004, en relación co 169 do mesmo texto legal, Lei reguladora das facendas locais, o expediente exporase ao público durante quince días hábiles, con inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e B.O.P.

4º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado se durante o período de exposición pública non se presentasen reclamacións.

**5º.- EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/06.-** Visto o expediente tramitado de suplemento de crédito núm. 1/06, os informes e documentos unidos e o ditame favorable da Comisión de Facenda, o Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar o expediente número 1/06 de suplemento de créditos por un importe global de 392.300,00 euros, conforme ao seguinte detalle:

<b>PARTIDA-DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
432/227.06 Urbanismo e arquitectura, estudos e traballos técnicos	210.000,00 €
452/611.00. Educación física, deportes e esparexemento. Investimento de reposición en infraestruturas e bens dedicados ao uso xeral. Reparacións no pavillón municipal	34.900,00 €
512/601.00. Recursos hidráulicos. Investimento novo en infraestruturas e bens dedicados ao uso xeral. Obra de recuperación do río Medio.	15.000,00 €
451/226.07 Promoción e difusión da cultura. Festexos populares.	60.000,00 €
432/227.12. Urbanismo e arquitectura. Contrato de asistencia técnica de adaptación do PXOM á Lei 9/02.	17.400,00 €
511/226.09 Estradas, camiños veciñais e vías públicas urbanas. Outros gastos.	10.000,00 €
432/632.02. Urbanismo e arquitectura. Obra de	45.000,00 €

acondicionamento de local para os servizos sociais municipais	
<b>TOTAL</b>	<b>392.300,00 €</b>

2º.- Financiar o expediente núm. 1/06 de suplemento de créditos mediante o remanente líquido de Tesourería, para gastos xerais.

3º.- De conformidade co establecido no art. 177.2 do R.D.L. 2/2004, en relación co 169 do mesmo texto legal, Lei reguladora das facendas locais, o expediente exporase ao público durante quince días hábiles, con inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e B.O.P.

4º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

**6.- AXUDAS PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS.-** Vista a Orde do 8 de marzo de 2006 da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, publicada no DOG núm. 52 do 15 de marzo de 2006, pola que se establecen axudas para a prestación de servizos sociais polas corporacións locais.

Considerando que este concello vénlle prestando estes servizos á poboación municipal e que estima necesaria a súa continuidade.

De conformidade co establecido na orde e coa memoria e documentos que contén o expediente, o Pleno do Concello por unanimidade acorda:

1º.- Solicitar unha subvención por importe de 55.409,76 euros, en concepto de prórroga como achega da Comunidade Autónoma ós gastos de persoal do Equipo de Servizos Sociais Comunitarios, formado por unha coordinadora, unha traballadora social e unha animadora sociocultural.

2º.- Solicitar as seguintes axudas nas contías que se sinalan, para os seguintes programas e investimentos:

Persoal.....	75.902,48 euros
Mantemento .....	6.720,00 euros
Axuda a domicilio .....	30.255,76 euros
Xestión de programas	
Emerxencia soc. e axuda. Eco. ....	15.330,00 euros
Programas comunitarios .....	9.204,30 euros
Investimentos:	
Reforma de local de servizos sociais	59.869,55 euros

3º.- Facultar o Sr. alcalde para a formalización da petición de axudas e realizar cantas xestións sexan necesarias para este fin.

Non habendo máis asuntos na orde do día, a Presidencia levanta a sesión ás vinte horas e vinte minutos, redactándose a presente acta, do que eu, o secretario, dou fe.

O presidente,

O secretario,